

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

**15312** *Real decreto 807/2021, do 21 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de control das embarcacións pneumáticas e semirríxidas ás cales se refiren as alíneas f), g), h) e i) do número 3 do artigo único do Real decreto lei 16/2018, do 26 de outubro, polo que se adoptan determinadas medidas de loita contra o tráfico ilícito de persoas e mercadorías en relación coas embarcacións utilizadas, e polo que se modifica o Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o Sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza.*

I

O Real decreto lei 16/2018, do 26 de outubro, polo que se adoptan determinadas medidas de loita contra o tráfico ilícito de persoas e mercadorías en relación coas embarcacións utilizadas, establece un marco normativo que regula o uso de determinadas embarcacións, fundamentalmente as pneumáticas e semirríxidas de alta velocidade, para evitar que sexan utilizadas na comisión de actividades ilícitas grazas á súa potencia e velocidade.

O número 1 do artigo único do real decreto lei cualifica como xéneros prohibidos para efectos da lexislación de contrabando determinadas embarcacións pneumáticas e semirríxidas de alta velocidade da tipoloxía das habitualmente empregadas polas organizacións criminais para levar a cabo tráfico ilícito de mercadorías ou de persoas por vía marítima, así como calquera outra embarcación, con independencia de cal sexa a súa tipoloxía, cando existan determinados indicios obxectivos da súa utilización para as mencionadas actividades ilícitas. Non obstante, en relación coa primeira das categorías mencionadas, a propia lei exceptúa da cualificación das embarcacións como xénero prohibido determinados supostos en razón á súa titularidade ou ao uso para o cal se destinan, e establece, non obstante, para algúns dos ditos supostos, a obrigaón a cargo do operador da embarcación de se inscribir no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade e de obter unha autorización de uso da súa embarcación.

En particular, as embarcacións que determinan a obrigaón de inscrición do operador no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade e de obtención por este dunha autorización de uso son as embarcacións pneumáticas e semirríxidas de alta velocidade recollidas na alínea a) do número 1 do artigo único do precitado real decreto lei que, sendo distintas das utilizadas para o cumprimento dos seus fins por parte do Estado, comunidades autónomas, entes locais e organismos públicos vinculados ou dependentes destes ou adscritas a organizacións internacionais, se encontren afectas a salvamento e asistencia marítima, así como as utilizadas para navegación interior por lagos, ríos e augas fóra dos espazos marítimos españois, as afectas ao exercicio de actividades empresariais, deportivas, de investigación ou formación e, finalmente, as de recreo destinadas a uso privado que cumpran os requisitos regulamentariamente establecidos en materia de seguridade, técnicos e de comercialización.

Este real decreto dá cumprimento á previsión contida no número 10 do artigo único do Real decreto lei de regulación por vía regulamentaria do Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade, ao procedemento de inscrición de operadores e de concesión das autorizacións de uso, así como ao réxime de utilización, circulación e tenza das embarcacións pneumáticas e semirríxidas de alta velocidade.

## II

Tanto o acceso dos operadores ao Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade como as autorizacións de uso das embarcacións suxéitanse a determinados requisitos que teñen por obxecto valorar a pertinencia da inscrición rexistral e da autorización de uso coa finalidade última de, en esencia, garantir o uso lexítimo efectivo das embarcacións polos seus operadores.

Co obxecto de procurar a maior axilidade e seguridade xurídica posibles na tramitación das solicitudes de inscrición no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade e das solicitudes de autorización de uso de embarcacións, o presente real decreto habilita as unidades do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria competentes para a tramitación das mencionadas solicitudes para o acceso á información contida no Rexistro Central de Penados e no Rexistro Central de Medidas Cautelares, Requisitorias e Sentenzas non Firmes, regulado no Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o Sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza.

## III

No desenvolvemento das misións que levan a cabo as forzas e corpos de seguridade e o Servizo de Vixilancia Alfandegueira para a represión dos tráfico ilícitos por vía marítima resultan cada vez máis frecuentes as situacións en que os efectivos e tripulacións daqueles sofren o acoso por parte das tripulacións das embarcacións empregadas polas organizacións criminais, a miúdo prodúcense intentos de colisión e de abordaxe dos patrulleiros que, nalgúns casos, tiveron éxito e causaron danos importantes nas embarcacións utilizadas polos axentes policiais e lles provocaron lesións. Esta grave situación representa, en definitiva, un risco certo para as tripulacións e, potencialmente, para outras embarcacións ou persoas que poidan encontrarse nas proximidades da área en que se desenvolve a operación. Situacións similares de acoso e de agresión prodúcense en ocasións no marco de operacións de intervención *in situ* de descarga e transporte de xéneros de contrabando, especificamente de drogas, en que non resulta infrecuente que os integrantes dos grupos de persoas que participan nos alixos ou transportes traten de obstaculizar a acción dos axentes policiais con actos violentos. En tal contexto e coa finalidade de procurar aos axentes medios de reacción adecuados e proporcionados cando o nivel do risco ou da ameaza non chegue a xustificar o uso de armas de fogo con fins disuasorios ou de defensa, resulta pertinente que os membros das forzas e corpos de seguridade e do Servizo de Vixilancia Alfandegueira utilicen armas incapacitantes non letais.

Os funcionarios do Servizo de Vixilancia Alfandegueira están habilitados para portar e utilizar armas curtas de fogo no desenvolvemento dos seus servizos e misións, así como armas de fogo automáticas para o seu uso nos patrulleiros da Axencia Estatal de Administración Tributaria asignados ás misións do dito servizo. Porén, a normativa que lles resulta de aplicación non recolle de forma expresa a habilitación destes para utilizaren armas incapacitantes non letais. Para emendar esta situación, mediante o presente real decreto habílanse os funcionarios do Servizo de Vixilancia Alfandegueira para utilizar no exercicio das súas funcións armas incapacitantes non letais co obxecto de proporcionarlles os medios adecuados para atallar situacións de ameaza ou de risco certo nas cales non resulte xustificada a utilización das súas armas de fogo regulamentarias.

## IV

Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na

elaboración do proxecto de real decreto observáronse os principios de boa regulación contidos no citado precepto.

En virtude dos principios de necesidade e eficacia, a iniciativa normativa debe estar xustificada por unha razón de interese xeral, basearse nunha identificación clara dos fins perseguidos e ser o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.

O principio de necesidade está directamente relacionado co principio de eficacia na actual xestión pública. Neste sentido, a elaboración do proxecto de real decreto encóntrase xustificada por razón do interese xeral, por identificárense claramente os fins perseguidos con esta iniciativa normativa e por ser o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.

En virtude do principio de proporcionalidade, a iniciativa proposta contén a regulación imprescindible para atender a necesidade que se pretende cubrir coa norma, unha vez constatado que non existen outras medidas menos restritivas de dereitos, ou que impoñan menos obrigacións aos destinatarios.

Co fin de garantir o principio de seguridade xurídica, a iniciativa normativa exerceuse de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, para xerar un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilita o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións das persoas e empresas.

En aplicación do principio de transparencia, facilitouse o acceso sinxelo, universal e actualizado ao proxecto e documentos propios do seu proceso de elaboración, nos termos establecidos no artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, definíronse claramente os obxectivos das iniciativas normativas e a súa xustificación no presente preámbulo, e posibilitouse que os potenciais destinatarios teñan unha participación activa na elaboración da norma.

En aplicación do principio de eficiencia, evitáronse cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionalizáronse, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos.

Esta disposición foi sometida ao procedemento previsto na Directiva (UE) 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se establece un procedemento de información en materia de regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información, así como ao disposto no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de setembro de 2021,

DISPÓN:

**Artigo único.** *Aprobación do Regulamento de control das embarcacións pneumáticas e semirríxidas ás cales se refiren as alíneas f), g), h) e i) do número 3 do artigo único do Real decreto lei 16/2018, do 26 de outubro, polo que se adoptan determinadas medidas de loita contra o tráfico ilícito de persoas e mercadorías en relación coas embarcacións utilizadas.*

Apróbase o Regulamento de control das embarcacións pneumáticas e semirríxidas ás cales se refiren as alíneas f), g), h) e i) do número 3 do artigo único do Real decreto lei 16/2018, do 26 de outubro, polo que se adoptan determinadas medidas de loita contra o tráfico ilícito de persoas e mercadorías en relación coas embarcacións utilizadas, cuxo texto figura a continuación.

**Disposición adicional primeira.** *Habilitación aos funcionarios do Servizo de Vixilancia Alfandegueira para a utilización de armamento incapacitante non letal.*

Habílanse os funcionarios do Servizo de Vixilancia Alfandegueira, nas condicións que se establezan por Instrución do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, para a tenza e uso das armas relacionadas no artigo 5.1, alíneas i) e j), do Regulamento de armas, aprobado polo Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro, que sexan necesarias para o cumprimento dos fins que teñen encomendados. A tenza e o uso destas armas suxeitaranse ao réxime de intervención previsto no artigo 7 do citado regulamento.

**Disposición adicional segunda.** *Non incremento de gasto público.*

A aplicación das medidas previstas neste real decreto será atendida cos medios persoais e materiais existentes e en ningún caso poderá xerar incremento do gasto público.

**Disposición derradeira primeira.** *Habilitación normativa.*

Autorízase a persoa titular do Ministerio de Facenda e Función Pública para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento do establecido no presente real decreto e no regulamento que aproba.

**Disposición derradeira segunda.** *Modificación do Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o Sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza.*

Modifícase o artigo 6 do Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o Sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza, mediante a adición dunha nova alínea e). O artigo queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 6. *Acceso á información contida no Rexistro Central de Penados e no Rexistro Central de Medidas Cautelares, Requisitorias e Sentenzas non Firmes.*

1. Ademais dos indicados no artigo anterior, o Ministerio de Xustiza autorizará, establecendo as medidas de seguridade oportunas, o acceso directo á información contida no Rexistro Central de Penados e no Rexistro Central de Medidas Cautelares, Requisitorias e Sentenzas non Firmes, sempre que nun e noutro caso se refira a inscricións non canceladas:

a) Á policía xudicial, a través dos funcionarios autorizados que desempeñen estas funcións, en canto sexa necesario para o exercicio das competencias previstas no artigo 549.1 da Lei orgánica do poder xudicial.

b) Ás unidades de Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil responsables da concesión dos permisos de armas, a través dos funcionarios autorizados en relación cos fins que teñen encomendados.

c) Ás unidades do Corpo Nacional de Policía responsables da expedición do pasaporte, a través dos funcionarios autorizados en relación cos fins que teñen encomendados.

d) Ás unidades do Corpo Nacional de Policía responsables do control de entrada e saída do territorio nacional, a través dos funcionarios autorizados en relación cos fins que teñen encomendados.

e) Ás unidades e funcionarios do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria aos cales se encomende a instrución e resolución dos procedementos de inscrición no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta

Velocidade e de autorización de uso das súas embarcacións, para os efectos previstos no Real decreto 807/2021, do 21 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de control das embarcacións pneumáticas e semirríxidas a que se refiren as alíneas f), g), h) e i) do número 3 do artigo único do Real decreto lei 16/2018, do 26 de outubro, polo que se adoptan determinadas medidas de loita contra o tráfico ilícito de persoas e mercadorías en relación coas embarcacións utilizadas, e polo que se modifica o Real decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de xustiza.

2. O encargado do Rexistro Central de Penados e o do Rexistro de Medidas Cautelares, Requisitorias e Sentenzas non Firmes comunicará ao menos semanalmente á Dirección Xeral de Tráfico do Ministerio do Interior os datos relativos a penas, medidas de seguridade e medidas cautelares en que se dispuxese a privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores ou calquera pena ou medida relacionada coa seguridade viaria, de acordo co previsto nos artigos 529 bis, 765.4 e 794.2 e concordantes da Lei de axuízamento criminal.»

**Disposición derradeira terceira.** *Título competencial.*

O presente regulamento dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1. 10.<sup>a</sup> e 29.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime alfandegueiro e comercio exterior, así como de seguridade pública.

**Disposición derradeira cuarta.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de setembro de 2021.

FELIPE R.

A ministra de Facenda e Función Pública,  
MARÍA JESÚS MONTERO CUADRADO

**REGULAMENTO DE CONTROL DAS EMBARCACIÓNS PNEUMÁTICAS E SEMIRRÍXIDAS ÁS CALES SE REFIREN AS ALÍNEAS F), G), H) E I) DO NÚMERO 3 DO ARTIGO ÚNICO DO REAL DECRETO LEI 16/2018, DO 26 DE OUTUBRO, POLO QUE SE ADOPTAN DETERMINADAS MEDIDAS DE LOITA CONTRA O TRÁFICO ILÍCITO DE PERSOAS E MERCADORÍAS EN RELACIÓN COAS EMBARCACIÓNS UTILIZADAS**

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

O presente regulamento ten por obxecto dar cumprimento ao establecido polo Real decreto lei 16/2018, do 26 de outubro, polo que se adoptan determinadas medidas de loita contra o tráfico ilícito de persoas e mercadorías en relación coas embarcacións utilizadas (en diante, Real decreto lei 16/2018), no que concirne ao desenvolvemento das seguintes materias:

- a) O Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade.
- b) O procedemento de inscrición dos operadores que por calquera título teñan a posesión legal das embarcacións ás cales se refiren as alíneas f), g), h) e i) do número 3 do artigo único do Real decreto lei 16/2018.
- c) O procedemento de autorización de uso.
- d) O réxime de utilización, circulación e tenza das embarcacións citadas na alínea b) deste artigo.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este regulamento aplicarase en relación coas embarcacións ás cales se refiren as alíneas f), g), h) e i) do número 3 do artigo único do Real decreto lei 16/2018, así como aos operadores que por calquera título teñan a súa posesión legal.

2. A inscrición no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade e a autorización de uso das embarcacións non eximirán do cumprimento das obrigacións que resulten exixibles en virtude doutras disposicións legais ou regulamentarias.

## CAPÍTULO II

### **Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade e normas comúns de procedemento**

#### Artigo 3. *Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade.*

1. Corresponde ao Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria a xestión e o mantemento do Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade.

2. No Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade inscribíranse os operadores que por calquera título teñan a posesión legal das embarcacións ás cales se refiren as alíneas f), g), h) e i) do número 3 do artigo único do Real decreto lei 16/2018, así como as autorizacións de uso das embarcacións que aqueles operen.

3. O contido do rexistro regularase mediante orde do titular do Ministerio de Facenda e Función Pública e incluírá os datos identificativos do operador e, de ser o caso, do seu representante, así como da actividade ou actividades a que destinará a

embarcación ou embarcacións autorizadas. En caso de que o representante sexa unha persoa xurídica, deberá identificarse o titular real dela.

Ademais, en relación coa embarcación ou embarcacións para cuxo uso fose autorizado o operador, o rexistro conterá, como mínimo, a seguinte información:

- a) Datos identificativos e información técnica das embarcacións autorizadas e dos seus motores.
- b) Datos identificativos do patrón ou patróns da embarcación.
- c) Actividade ou actividades a que se destinan as embarcacións autorizadas.
- d) Área xeográfica de desenvolvemento da actividade ou actividades a que se destinará a embarcación ou embarcacións autorizadas.
- e) Titulación en posesión do patrón en relación coa embarcación.
- f) Código/s da autorización/s.
- g) Lugar de depósito da embarcación mentres non estea sendo utilizada.
- h) Outras condicións ou limitacións de uso da embarcación establecidas na autorización de uso.

#### Artigo 4. *Competencia.*

1. Será competente para resolver os procedementos de inscrición no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade e de autorización de uso das embarcacións o titular do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

2. A competencia para instruír os pertinentes procedementos corresponderá á Subdirección Xeral de Operacións do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

#### Artigo 5. *Facultades na instrución dos procedementos.*

1. Para os efectos de verificar a concorrencia dos requisitos aplicables para a inscrición dos operadores no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade e para a autorización de uso das embarcacións, o órgano instrutor poderá utilizar cantos datos, informes e antecedentes se encontren á súa disposición. Para os mesmos efectos, gozará das seguintes facultades:

- a) Solicitude dos informes ou antecedentes que resulten necesarios a calquera autoridade ou organismo público estatal, autonómico ou local.
- b) Requirimentos a terceiras persoas, físicas ou xurídicas, e entidades sen personalidade xurídica para a achega de datos, informes ou antecedentes relativos ás actividades a que o interesado pretenda afectar as embarcacións ou ás propias embarcacións.
- c) Requirimentos ao interesado de achega de documentos, informes, antecedentes, libros, rexistros, ficheiros, facturas, xustificantes e asentos de contabilidade principal ou auxiliar, programas e arquivos informáticos, sistemas operativos e de control, e calquera outro dato ou información con transcendencia en relación coas actividades a que se pretenda afectar a embarcación obxecto da solicitude.
- d) A inspección e recoñecemento das embarcacións, locais, instalacións e explotacións en que aquelas se encontren ou que se utilicen para o desempeño de actividades a que se pretenda afectar a embarcación obxecto da solicitude.

2. Tratándose de requirimentos a que se refiren as alíneas a), b) e c) do número anterior, estes notificaranse á persoa ou entidade requirida, e outorgaráselle un prazo non inferior a dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento, para achegar a información ou documentación solicitada. No caso dos requirimentos a que se refire a alínea c) do número anterior, o transcurso do prazo sen

contestar o requirimento dará lugar sen máis trámite ao arquivamento do expediente, o cal será notificado ao interesado.

3. O órgano instrutor poderá encomendar aos órganos territoriais dependentes do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais a realización de todas ou dalgunha das actuacións en que se concretan as facultades previstas no número anterior.

#### Artigo 6. *Normas comúns dos procedementos.*

1. As solicitudes de inscrición no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade e as solicitudes de autorización de uso de embarcacións remitiranse, xunto coa documentación anexa, ao Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais por vía electrónica de acordo coas condicións e termos que se establezan mediante orde do titular do Ministerio de Facenda e Función Pública.

2. As solicitudes poderán ser presentadas polo operador da embarcación ou por medio de representante con residencia en España e deberá realizarse o trámite de apoderamento por medios electrónicos a través da sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria (<https://www.agenciatributaria.gob.es>), así como polas persoas ou entidades que, segundo o previsto no artigo 92 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, posúan a condición de colaboradores sociais na aplicación dos tributos e cumpran os requisitos e condicións que, para tal efecto, estableza a normativa vixente en cada momento.

Non obstante, no caso de persoas físicas ou xurídicas ou entidades sen personalidade xurídica non residentes e que non teñan establecemento permanente en España, deberán nomear un representante con residencia en España, co que se entenderán as actuacións.

3. Unha vez recibida a solicitude, o órgano instrutor comprobará se esta contén todos os aspectos e achega a documentación requirida. En caso negativo, comunicarse ao interesado e concederáselle un prazo de dez días hábiles para que emende o defecto ou achegue a documentación omitida, e advertiráselle que, de non o facer así, se arquivará sen máis trámite a súa solicitude.

4. Unha vez instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto ao interesado ou, se for o caso, ao seu representante, e concederáselle un prazo de dez días hábiles co obxecto de que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que xulgue pertinentes. Se o solicitante manifesta expresamente a súa decisión de non efectuar alegacións nin achegar novos documentos ou xustificacións no caso de que a proposta de resolución sexa favorable, terase por realizado o trámite.

5. O prazo máximo para a notificación da resolución do procedemento será de sesenta días hábiles contados desde a data en que tivese entrada a solicitude no rexistro electrónico da Axencia Estatal de Administración Tributaria. Non obstante, este prazo suspenderase, de conformidade co establecido no artigo 22.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando deba requirirse calquera interesado para a emenda de deficiencias ou a achega de documentos e outros elementos de xuízo necesarios, polo tempo que medie entre a notificación do requirimento e o seu efectivo cumprimento polo destinatario, ou, na súa falta, polo do prazo concedido, todo isto sen prexuízo do previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6. A resolución será notificada ao interesado nos termos establecidos nos artigos 41 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que se achegasen documentos orixinais en papel, estes serán devoltos ao interesado.

A resolución notificarase aos interesados telematicamente, mediante comparecencia na sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria, de conformidade co



disposto no artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para os efectos de recibir avisos, os interesados poderán facilitar ao Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria un enderezo de correo electrónico e/ou un número de teléfono.

7. As resolucións dos procedementos de inscrición no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade e de autorización de uso de embarcacións pneumáticas e semirríxidas de alta velocidade reguladas no presente regulamento porán fin á vía administrativa, e serán susceptibles de recurso potestativo de reposición ante o titular do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria no prazo dun mes, ou ben de recurso contencioso-administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa no prazo de dous meses, de conformidade co establecido nos artigos 114 e 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

8. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexítima os interesados para entenderen estimada por silencio administrativo a súa solicitude, de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### CAPÍTULO III

#### **Inscrición no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade**

*Artigo 7. Solicitude de inscrición no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade.*

1. O procedemento de rexistro iniciarase mediante solicitude de inscrición no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade, dirixida ao Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

2. A solicitude de rexistro deberá conter, en todo caso, os seguintes datos identificativos:

- a) Do operador e, se for o caso, do representante. En caso de que o representante sexa unha persoa xurídica, deberá identificarse o titular real desta.
- b) Da actividade principal a que se destinará a embarcación ou embarcacións.

*Artigo 8. Denegación de solicitudes de inscrición no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade.*

Non se autorizará a inscrición do operador no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade cando no solicitante conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Terse ditado, nos catro anos anteriores á solicitude, resolución de baixa no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade como consecuencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 15 deste regulamento.

b) Ter subministrado información ou documentación falsa, inexacta ou, como consecuencia da falta de colaboración do interesado no marco das actuacións previstas nas alíneas c) e d) do número 1 do artigo 5 deste regulamento, insuficiente para os efectos de acreditar a efectiva concorrencia das circunstancias relativas á actividade a cuxo exercicio se pretende afectar a embarcación ou embarcacións. Para estes efectos,

a información ou documentación inexacta que determinará a denegación da solicitude é aquela que afecte os elementos esenciais da solicitude ou que non fose obxecto de aclaración por parte do operador, malia ser requirido para isto.

c) Nos supostos previstos nas alíneas g) e h) do número 3 do artigo único do Real decreto lei 16/2018, non encontrarse ao día do cumprimento das obrigacións tributarias ou coa Seguridade Social.

*Artigo 9. Resolución do procedemento administrativo de inscrición no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade.*

1. O procedemento de rexistro finalizará mediante resolución do titular do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria. A resolución autorizará ou denegará a inscrición do solicitante no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade.

2. A resolución de autorización da inscrición comportará a asignación do número de operador de embarcacións pneumáticas e semirríxidas de alta velocidade, que se fará constar no correspondente certificado, e determinará a automática inscrición do operador no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade. O certificado axustarase ao modelo aprobado pola orde do titular do Ministerio de Facenda e Función Pública.

3. Xunto coa resolución de autorización de inscrición notificarase ao interesado o certificado de operador de embarcacións pneumáticas e semirríxidas de alta velocidade. Un exemplar impreso deste deberá encontrarse en todo momento na embarcación á disposición da Administración.

#### CAPÍTULO IV

##### **Autorización de uso de embarcacións pneumáticas e semirríxidas de alta velocidade**

*Artigo 10. Solicitude de autorización de uso dunha embarcación pneumática ou semirríxida de alta velocidade.*

1. Nos supostos previstos nas alíneas f), g), h) e i) do número 3 do artigo único do Real decreto lei 16/2018, o operador deberá formular unha solicitude por cada unha das embarcacións para as cales solicite a autorización de uso.

2. A solicitude de autorización de uso incluirá, en todo caso, a seguinte información:

a) Datos identificativos do operador, da embarcación, do patrón ou patróns desta, dos motores instalados e da actividade ou actividades a que se destinará a embarcación ou embarcacións.

Estes datos incluirán a eslora total da embarcación e a potencia máxima unitaria do motor ou motores.

b) Identificación da actividade ou actividades a que se destinará a embarcación ou embarcacións.

c) Lugar de amarre ou de depósito da embarcación.

d) Área xeográfica de desenvolvemento da actividade ou actividades.

3. Coa solicitude de autorización de uso da embarcación deberase achegar a documentación relativa á embarcación, operador e, se for o caso, patrón ou patróns desta e que será, como mínimo, a seguinte:

a) Documentación acreditativa do desenvolvemento da actividade ou de estar en condicións do seu desenvolvemento futuro.

b) No caso das embarcacións de recreo destinadas a uso privado, a documentación acreditativa do cumprimento do previsto no artigo único.3.i) do Real decreto lei 16/2018.

c) Documentación xustificativa da dispoñibilidade do lugar de depósito ou amarre da embarcación.

4. Recibida a solicitude de autorización de uso dunha embarcación, o órgano instructor verificará a veracidade e exactitude da información proporcionada. A competencia para instruír os correspondentes procedementos corresponderá á Subdirección Xeral de Operacións do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

5. No caso de fabricación, poderá realizarse unha única solicitude de autorización de uso que englobe un conxunto de embarcacións que vaian ser incluídas nun mesmo lote de fabricación. A información que debe achegarse nestes casos especificarase por orde do titular do Ministerio de Facenda e Función Pública e, en todo caso, incluirá, antes do comezo do proceso de fabricación do lote, a data de inicio e finalización da operación, o número de unidades obxecto de fabricación e as características técnicas destas.

6. Por orde do titular do Ministerio de Facenda e Función Pública poderanse regular procedementos simplificados de autorización de uso en que, en atención a circunstancias que aconsellen unha simplificación da tramitación da autorización de uso debido ao curto prazo da operación da embarcación polo operador xa inscrito no Rexistro Especial de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade, como algúns supostos de arrendamento ou reparación, aquela se entenderá concedida coa mera presentación da solicitude.

7. Para os efectos do cumprimento dos requisitos a que fai referencia a alínea i) do número 3 do artigo único do Real decreto lei 16/2018, do 26 de outubro, entenderanse cumpridos os requisitos en materia de seguridade, técnicos e de comercialización coa inscrición da embarcación en calquera dos rexistros de matrícula da Administración marítima.

8. No caso de que a resolución sexa estimatoria da solicitude formulada, a autorización de uso da embarcación inscribírase no asento aberto ao operador no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade.

O procedemento de autorización finalizará mediante resolución do titular do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

9. Xunto coa resolución de autorización de uso notificarase ao interesado o certificado de autorización de uso de embarcación pneumática ou semirríxida de alta velocidade, que se axustará ao modelo aprobado por orde do titular do Ministerio de Facenda e Función Pública. Un exemplar impreso deste deberá encontrarse en todo momento na embarcación á disposición da Administración.

#### Artigo 11. *Denegación de solicitudes de autorización de uso de embarcación.*

Non se concederá autorización de uso dunha embarcación pneumática ou semirríxida de alta velocidade cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que o solicitante non estea inscrito no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade. Non obstante, poderá solicitarse a autorización de uso de embarcacións pneumáticas e semirríxidas de alta velocidade con carácter previo á obtención do certificado de operador de embarcacións pneumáticas e semirríxidas de alta velocidade, unha vez solicitada a inscrición.

b) Que se iniciase un procedemento para a baixa da inscrición do solicitante no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade por algunha das circunstancias do artigo 15.

c) Que a información ou a documentación subministrada coa solicitude sexa falsa, inexacta ou, como consecuencia da falta de colaboración do interesado no marco das actuacións previstas nas alíneas c) e d) do número 1 do artigo 5 deste regulamento, insuficiente para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos a que fai referencia a alínea i) do número 3 do artigo único do Real decreto lei 16/2018. Para estes efectos, considerarase información ou documentación inexacta aquela que afecte os elementos esenciais da solicitude ou que non fose obxecto de aclaración por parte do operador, a pesar de ser requirido para isto.

d) Nos supostos previstos nas alíneas f) e h) do número 3 do artigo único do Real decreto lei 16/2018, que do exame realizado conforme o número 4 do artigo 10 non quede suficientemente acreditada a capacidade para desenvolver a actividade a cuxo exercicio se pretende afectar a embarcación ou embarcacións.

## CAPÍTULO V

### **Réxime de uso de embarcacións pneumáticas e semirríxidas de alta velocidade**

Artigo 12. *Condicións de utilización, circulación e tenza das embarcacións.*

1. Para os efectos de garantir o uso exclusivo da embarcación para a actividade ou actividades a que se estende a autorización, de conformidade co previsto no número 7 do artigo único do Real decreto lei 16/2018, o titular do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, de forma motivada, poderá condicionar a autorización de uso á instalación na embarcación e uso efectivo de dispositivos radioeléctricos de localización e seguimento. Mediante orde do titular do Ministerio de Facenda e Función Pública especificaranse os requisitos técnicos dos ditos sistemas ou equipamentos de acordo coa normativa reguladora de radiocomunicacións marítimas e instalacións radioeléctricas.

2. A autorización de uso poderá estender os seus efectos a un ámbito xeográfico limitado dentro das augas de xurisdición española. Cando o ámbito autorizado sexa máis reducido que o solicitado polo interesado, esta limitación deberá motivarse debidamente na resolución de autorización de uso da embarcación.

3. A autorización de uso poderá incluír condicións adicionais que teñan por fin o aseguramento da efectiva utilización da embarcación para o desenvolvemento da actividade para a cal foi autorizada.

4. As condicións e circunstancias anteriores faranse constar na propia resolución de autorización, no asento rexistral e no certificado.

Artigo 13. *Modificación dos datos e do réxime de utilización das embarcacións.*

1. Calquera modificación relativa á información consignada na solicitude de autorización de uso da embarcación en virtude do previsto nas alíneas b), c), d), e) e g) do número 2 do artigo 10 deste regulamento requirirá a presentación dunha solicitude de modificación da autorización de uso. Esta solicitude tramitarase de acordo coas regras de procedemento aplicables ás solicitudes de autorización de uso de embarcacións.

2. Calquera outra modificación dos datos consignados na solicitude de inscrición ou de autorización de uso deberá ser comunicada ao Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria na forma que se estableza mediante orde do titular do Ministerio de Facenda e Función Pública.

Artigo 14. *Cesamento da actividade.*

1. Cando o operador cese no exercicio dunha actividade a que se encontre afecta unha embarcación cuxo uso fose previamente autorizado ou cando pretenda desafectar unha embarcación da actividade para cuxo uso se encontre autorizada sen solicitar autorización de uso para outra das actividades recollidas nas alíneas f), g), h) e i) do

número 3 do artigo único do Real decreto lei 16/2018, deberá presentar con carácter previo a correspondente solicitude de baixa nas condicións que se especifiquen mediante orde do titular do Ministerio de Facenda.

2. No caso de que a actividade respecto da cal se solicite sexa a única que leve a cabo o operador, a baixa, unha vez acordada, comportará que queden sen efecto todas as autorizacións de uso de embarcacións de que aquel sexa titular e suporá a baixa do operador e de todas as autorizacións de uso de embarcacións de que sexa titular no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade.

Artigo 15. *Outras causas de baixa do operador e das autorizacións de uso de embarcacións no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade.*

1. Sen prexuízo, se for o caso, das consecuencias previstas no número 8 do artigo único do Real decreto lei 16/2018, dará lugar á extinción de efectos das autorizacións de que o operador sexa titular e á súa baixa no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade a constatación por parte das forzas e corpos de seguridade ou do Servizo de Vixilancia Alfandegueira da concorrencia de calquera das seguintes circunstancias:

a) O uso dunha embarcación para a realización de actividades distintas daquelas para as cales foi autorizada.

b) A utilización dunha embarcación con incumprimento das condicións expresamente establecidas na resolución de autorización de uso desta, recollidas no certificado de autorización de uso de embarcación.

c) A inexactitude ou falsidade que afecte os elementos esenciais da solicitude de inscrición do operador no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade ou de autorización de uso dunha embarcación. Para estes efectos, considéranse elementos esenciais os relativos á identificación do operador, do patrón ou da propia embarcación.

2. A resolución mediante a cal se acorde a extinción de efectos das autorizacións de que o operador sexa titular e a súa baixa no Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade requirirá a tramitación previa dun expediente administrativo en que se dea audiencia ao interesado.

Disposición adicional primeira. *Datos de carácter persoal.*

As disposicións contidas neste regulamento que afecten o tratamento de datos de carácter persoal aplicaranse de acordo co previsto no Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Na sede electrónica da Axencia Tributaria facilitarase a información que exige o artigo 13 do Regulamento 2016/679, do 27 de abril, relativa aos posibles tratamentos e o exercicio dos dereitos sobre estes.

Disposición adicional segunda. *Administración electrónica.*

As solicitudes, comunicacións ou calquera outro escrito que se realicen en virtude do previsto neste regulamento presentaranse na sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria nos termos previstos na Resolución do 28 de decembro de 2009, da Presidencia da Axencia Estatal de Administración Tributaria, pola que se crea a sede electrónica e se regulan os rexistros electrónicos da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Disposición adicional terceira. *Coordinación de rexistros.*

Os organismos a que se refire o número 6 do artigo único do Real decreto lei 16/2018, do 26 de outubro, establecerán as medidas técnicas necesarias para o acceso directo por medios telemáticos ao contido do Rexistro Especial de Operadores de Embarcacións Pneumáticas e Semirríxidas de Alta Velocidade.

Disposición transitoria única. *Procedementos iniciados antes da entrada en vigor.*

Aos procedementos iniciados antes da entrada en vigor do presente regulamento seralles de aplicación o previsto no Real decreto lei 16/2018, do 26 de outubro, e, supletoriamente, o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición derradeira única. *Normativa supletoria.*

No non previsto no presente regulamento aplicarase supletoriamente a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.